# JORRIT DIJKSTRA

## MASTER CLASS DE IMPROVISACIÓN E MÚSICA ELECTRÓNICAS

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA
3-4 -xuño 2015
Horario: 17:00-20:00 h



O saxofonista, compositor e profesor Jorrit Dijkstra impartirá unha clase maxistral durante dous días na que abordará formas de improvisación colectiva en formato *ensemble*.

A actividade xirará arredor dun conxunto de exercicios sobre técnicas de improvisación nos que os participantes poderán aprender a tocar nun grupo reforzando a súa comunicación. Poderán elaborar formas musicais no aquí e o agora, partindo dunha simple melodía, dunha canción ou da nada.

Dijkstra pretende convidar os alumnos a saír do camiño e a confiar nos seus colegas por riba dunha melodía ou de cambios nos acordes. Busca traballar acentuando a expresividade, o dinamismo, a escoita, a reacción e experimentar coas respostas emocionais do público.

Durante a *masterclass* presentará algunhas das súas propias composicións e outras obras do saxofonista soprano Steve Lacy centradas na improvisación colectiva. Mostrará como sacarlle o máximo partido á electrónica no contexto improvisado dunha *ensemble*, incluído o uso do Lyricon (un instrumento *vintage* analóxico que se usou como primeiro sintetizador electrónico de vento).

El saxofonista, compositor y profesor Jorrit Dijkstra impartirá una clase magistral durante dos días en la que abordará formas de improvisación colectiva en formato *ensemble*.

La actividad girará en torno a un conjunto de ejercicios sobre técnicas de improvisación en los que los participantes podrán aprender a tocar en grupo reforzando su comunicación. Podrán elaborar formas musicales en el aquí y el ahora, partiendo de una simple melodía, de una canción o de la nada.

Dijkstra pretende invitar a los alumnos a salirse del camino y a confiar en sus colegas por encima de una melodía o de cambios en los acordes. Busca trabajar acentuando la expresividad, el dinamismo, la escucha, la reacción y experimentar con la respuestas emocionales del público.

Durante la *masterclass* presentará algunas de sus propias composiciones y otras obras del saxofonista soprano Steve Lacy centradas en la improvisación colectiva. Mostrará cómo sacarle el máximo partido a la electrónica en el contexto improvisado de una *ensemble*, incluyendo el uso del Lyricon (un instrumento *vintage* analógico que se usó como primer sintetizador electrónico de viento).

**JORRIT DIJKSTRA**

Jorrit Dijkstra (Eindhoven, Países Baixos, 1966) vive en Boston, onde é membro facultativo da Berklee College of Music e do New England Conservatory. A música deste saxofonista, compositor e profesor bebe da tradición jazzística en espírito e son, pero salvando as fronteiras estilísticas e culturais para expresar unha forte e suxestiva concepción persoal. Dijkstra pasou os seus anos de formación na vibrante escena musical de Ámsterdam, interpretando jazz e música de todo o mundo e decantándose pola improvisación libre. Desde que, no ano 2002, se trasladou

JORRIT DIJKSTRA

Jorrit Dijkstra (Eindhoven, Países Baixos, 1966) vive en Boston, donde es miembro facultativo de la Berklee College of Music y del New England Conservatory. La música de este saxofonista, compositor y profesor bebe de la tradición jazzística en espíritu y sonido, pero salvando las fronteras estilísticas y culturales para expresar una fuerte y sugerente concepción personal. Dijkstra pasó sus años de formación en la vibrante escena musical de Ámsterdam, interpretando jazz y música de todo el mundo y decantándose por la improvisación libre. Desde que, en el año 2002, se trasladó a los Estados

aos Estados Unidos afondou nas súas afinidades cos intérpretes máis experimentais da música americana, aínda que sen abandonar as súas raíces musicais holandesas. Os seus proxectos máis recentes inclúen os cuartetos *BOLT* e *Matchbox*, *Music for Reeds and Electronics*, o octeto *Pillow Circles*, e as súas actuacións como solista de música electrónica. Dijkstra utiliza o Lyricon —un instrumento electrónico de vento dos anos setenta— para ampliar a súa paleta musical cunha mestura moi particular de cool jazz, improvisación libre e minimalismo electrónico. Como compositor, recibiu encargos do North Sea Jazz Festival, a David Kweksilber Big Band, a Tetzepi Big Band, o Amstel Saxophone Quartet e The Harvard Jazz Band. Dijkstra editou 18 CD como líder da súa formación e participou en proxectos tan diversos como *Ghost Trance*, de Anthony Braxton, a ópera *Noach* de Guus Janssen ou unha excepcional actuación en vivo de Jandek, o músico *outsider* oriúndo de Texas. É ademais cofundador da discográfica independente Driff Records.

www.jorritdijkstra.com / www.driffrecords.com

Unidos ha ahondado en sus afinidades con los intérpretes más experimentales de la música americana, aunque sin abandonar sus raíces musicales holandesas. Sus proyectos más recientes incluyen los cuartetos *BOLT* y *Matchbox*, *Music for Reeds and Electronics*, el octeto *Pillow Circles*, y sus actuaciones como solista de música electrónica. Dijkstra utiliza el Lyricon —un instrumento electrónico de viento de los años setenta— para ampliar su paleta musical con una mezcla muy particular de cool jazz, improvisación libre y minimalismo electrónico. Como compositor, ha recibido encargos del North Sea Jazz Festival, la David Kweksilber Big Band, la Tetzepi Big Band, el Amstel Saxophone Quartet y The Harvard Jazz Band. Dijkstra ha editado 18 CD como líder de su formación y ha participado en proyectos tan diversos como *Ghost Trance*, de Anthony Braxton, la ópera *Noach* de Guus Janssen o una excepcional actuación en vivo de Jandek, el músico *outsider* oriundo de Texas. Es además cofundador de la discográfica independiente Driff Records.

www.jorritdijkstra.com / www.driffrecords.com

DESTINATARIOS
Músicos e estudantes de música contemporánea, jazz, clásica, folk...

INSCRICIÓN
A preinscrición pódese facer enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es ou chamando ao 981 546 602/631. En calquera caso, as solicitudes deberán incluír os seguintes datos: nome completo, estudos, área de traballo ou interese, enderezo de correo electrónico e teléfono de contacto.

Unha vez confirmada a inscrición, as persoas seleccionadas para participar no taller recibirán as indicacións para facer efectiva a matrícula.

MATERIAL
Os asistentes deberán traer o seu propio instrumento musical

PRAZAS: mínimo 5/máximo 15

MATRÍCULA: 15 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

DESTINATARIOS
Músicos y estudiantes de música contemporánea, jazz, clásica, folk...

INSCRIPCIÓN
La preinscripción se podrá hacer enviando un correo electrónico a cgac.educacion@xunta.es o llamando al 981 546 602/631. En cuanlquier caso, las solicitudes deberán incluír los siguientes datos: nombre completo, estudios, área de trabajo o interés, dirección de correo electrónico y teléfono de contacto.

Una vez confirmada la inscripción, las personas seleccionadas para participar en el taller recibirán las indicaciones para hacer efectiva la matrícula.

MATERIAL
Los asistentes deberán traer su propio instrumento musical

PLAZAS: mínimo 5 / máximo 15

MATRÍCULA: 15 €

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC
SERVIZO DE ACTIVIDADES E PROXECTOS EDUCATIVOS
Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 602/31 / cgac.educacion@xunta.es
www.cgac.org
www.facebook.com/CGACSantiago
twitter @cgac_santiago

XUNTA DE GALICIA galicia